

# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2014

Federación Galega de Dano Cerebral

FEGADACE

**Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)**

Casa das Asociacións (CABES)

Rúa Manuel María, 6, 2º Andar, Despacho 2

15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 659 177 709

E-mail: [fegadace@fegadace.org](mailto:fegadace@fegadace.org)

Web: <http://fegadace.org/>

Facebook: @Fegadace

Twitter: @fegadacegalicia

# ÍNDICE

Introdución. Verbas do Presidente da Federación .....	3
1. Área institucional .....	4
1.1. Incidencia .....	7
2. Programas .....	10
2.1. Promoción da autonomía persoal e información e asesoramento a familias de persoas con DCA .....	10
2.1.1. Servizos .....	10
2.1.2. Actividades .....	15
2.1.3. Formación .....	18
2.2. Programa de cooperación para a promoción do emprego .....	20
2.2.1. Ano 2013 .....	20
2.2.2. Ano 2014 .....	20
2.3. Comunícate conTICs, sen complexos .....	20
2.4. Tempo é cerebro .....	21
3. Área de comunicación e sensibilización .....	22
3.1. Desenvolvemento páxina web .....	22
3.2. Contacto cos medios de comunicación .....	23
3.3. Redes sociais .....	25
3.4. Apoio ás asociacións federadas .....	27
4. Colaboracións .....	28
5. Información económica .....	28
5.1. Conta de resultados .....	30
5.2. Balance .....	31

## VERBAS DO PRESIDENTE DA FEDERACIÓN

A dificultade dos tempos non foi obstáculo, en 2014, para que FEGADACE continuara con paso firme o seu proceso de avance na referencialidade gañada dentro do ámbito do terceiro sector de acción social. O duro traballo desenvolvido continúa dando os seus froitos. Grazas a el a Federación foi chamada a participar no Grupo de Reflexión Estratéxica sobre o DCA que promove FEDACE, foi citada para intervir en dúas comisións no Parlamento de Galicia –aínda que unha das comparecencias se atrasara ata 2015-, sentou as bases da súa relación coa Sociedade Galega de Neuroloxía e participou activamente en moitas das comisións de traballo do CERMI e de EAPN.

As asociacións federadas tamén viron fortalecido o seu labor coa práctica finalización da construción do novo centro de Sarela, a consolidación das instalacións de Alento, e o incremento de prazas nestas dúas entidades e máis en ADACE Lugo. Rematado o ano contamos con máis e mellores servizos para a atención das persoas con dano cerebral adquirido, que son o centro do noso labor.

Porén, o non foi un ano doado. As nosas familias continuaron asistindo ao incremento de recortes no Estado de Benestar e á introdución de copagamentos que non fan máis que limitar o xa de por si complicado equilibrio no que reside a súa vida.

FEGADACE, e as súas asociacións, tentamos facilitarlles o trago prestando apoio e organizando encontros que serviron para poñer en común esta situación, para axudarse mutuamente, e para elaborar propostas conxuntas que axuden a que, entre todos e todas, poidamos seguir avanzando na consolidación de dereitos e na mellora da calidade de vida das familias e das persoas con dano cerebral adquirido.

**D. José Balboa Ayán**

**Presidente de FEGADACE**

## 1. ÁREA INSTITUCIONAL.

A Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) é unha entidade sen ánimo de lucro e de carácter social que persegue a defensa dos intereses e a mellora da calidade de vida dos galegos e galegas con Dano Cerebral Adquirido (DCA) e das súas familias. Asemade, pretende sensibilizar á sociedade en xeral con respecto ao alcance e a dimensión desta discapacidade, implicar ás institucións, e cantas iniciativas se dirixan a resolver os aspectos relacionados coa rehabilitación, inclusión e normalización social das persoas con DCA.

FEGADACE foi declarada entidade de utilidade pública o 20 de decembro de 2013.

Este documento recolle as actividades, proxectos e programas desenvolvidos pola Federación Galega de Dano Cerebral durante o ano 2014. Todos foron realizados co obxectivo de cumprir cos fins de FEGADACE, que son:

- a. A defensa dos dereitos das persoas con dano cerebral adquirido.
- b. A mellora da súa calidade de vida e da do seu contorno social.
- c. A representación das asociacións que a integran perante os axentes sociais.
- d. A xestión dos recursos que lle sexan propios.

A Xunta Directiva de FEGADACE está composta por cinco persoas:

- **José Balboa Ayán.** Presidente (Sarela)
- **Luisa Ramírez Nisa.** Vicepresidenta (ADACECO)
- **Fidel Castro Rodríguez.** Secretario (Alento)
- **Manuel Juan Vázquez Moure.** Tesoureiro (Renacer)
- **María Elena Salgado López.** Vogal (ADACE Lugo)

A área técnica conta con tres perfís profesionais nos que se produciron cambios, polo que, en total, en 2014 traballaron cinco persoas:

- **Enrique Castro.** Coordinador (ata agosto de 2014)
- **Lucía Mendoza.** Coordinadora (desde setembro de 2014)
- **Irene Cancelas.** Técnica de comunicación

- **Diana Lens.** Técnica administrativa (ata decembro de 2014)
- **Carmen Pereiro.** Técnica administrativa (desde decembro de 2014)

O traballo do equipo técnico do equipo de FEGADACE complementábase co labor do conxunto de profesionais das asociacións federadas e do voluntariado das mesmas. As responsábeis técnicas das entidades que compoñen a federación son:

- **Inés Ramos.** ADACECO - A Coruña. Directora
- **Vanesa Mariño.** ADACE - Lugo. Directora
- **Gonzalo Mira.** Alento - Vigo. Director - Xerente
- **Noelia Luque.** Renacer - Ourense. Directora
- **Rocío García.** Sarela - Compostela. Directora

As asociacións que compoñen FEGADACE son:



**ADACECO - Asociación de Dano Cerebral de A Coruña**

As Xubias, 15. 15006 A Coruña

Teléfono: 981 240 899

[www.adaceco.org](http://www.adaceco.org)



**ADACE Lugo - Asociación de Dano Cerebral**

**Sobrevido/Adquirido de Lugo**

Avda. Carlos Azcárraga, 4, Local B. 27003 Lugo

Teléfono: 982 243 503

[www.adacelugo.org](http://www.adacelugo.org)



**ALENTO - Asociación de Dano Cerebral de Vigo**

Rúa Pedra Seixa, s/n (Navia). 36212 Vigo

Teléfono: 986 229 069

[www.alento.org](http://www.alento.org)



**RENACER - Asociación de Persoas Afectadas por Danos Cerebrais Adquiridos de Ourense**

Rúa Farixa, 7, Baixo. 32005 Ourense.

Teléfono: 988 225 056

[www.renacer.org](http://www.renacer.org)



**SARELA - Asociación de Danos Cerebrais de Compostela**

Rúa Pedro Cabezas González, 3. 15702 Santiago de

Compostela. Teléfono: 981 577 037

[www.sarela.org](http://www.sarela.org)

As cinco asociacións xuntas suman un total de **1.307 familias socias**, das que **786 persoas teñen danos cerebrais adquiridos**.

Coa entrada da nova coordinadora iniciouse unha serie de visitas ás asociacións federadas co obxectivo de coñecer mellor as súas instalacións e procedementos de traballo. No último trimestre, coordinadora e técnica de comunicación visitaron ADACECO, ADACE Lugo, Renacer e Sarela.

Ademais, FEGADACE celebrou as seguintes xuntanzas:

Organismo	Número de xuntanzas
Asemblea Xeral	2
Xunta Directiva	7
Membros da Xunta Directiva	13
Directores/as asociacións	4

## 1.1. INCIDENCIA.

### a) Entidades de segundo nivel.

#### **CERMI (Comité Estatal de Representantes de Persoas con Discapacidade).**

Participación no CERMI Galicia coa ONCE, FADEMGA, COGAMI, FEFES, Down - Galicia, Autismo Galicia, Federación de Asociacións de Persoas Xordas, FAGAL e ASPACE Galicia. FEGADACE fai parte do comité executivo e ten presenza nas comisións de traballo de accesibilidade, muller, educación e sanidade. Tamén está na comisión de discapacidade adquirida do CERMI Estatal.

FEGADACE colabora de maneira continuada na difusión das campañas promovidas e das actividades organizadas polo CERMI, especialmente na conmemoración do Día Internacional da Discapacidade (3 de decembro).

Ademais, grazas ao convite do CERMI FEGADACE puido representar ás persoas con discapacidade adquirida na Comisión de Seguridade Viaria do Parlamento de Galicia (o día 28 de abril), onde compareceu o seu coordinador, Enrique Castro, acompañado do presidente do CERMI Galicia, Anxo Queiruga.

Organismo	Nº de xuntanzas
Comité executivo	3
Asemblea Xeral	1
Comisión de Sanidade	1
Comisión de Educación	1
Comisión de Accesibilidade	1
Comisión de Muller	2
Comisión de Discapacidade Adquirida (Madrid)	3
Comisión de Convergencia Asociativa	2
Comisión de Seguridade Viaria (Parlamento de Galicia)	1





## FEDACE (Federación Española de Daño Cerebral).

Colaboración a nivel técnico (a través da participación no GRES –Grupo de Reflexión Estratégica DCA- e da coordinación a nivel de xerencia e comunicación) e a nivel de goberno, xa que un representante de FEGADACE (Luciano Fernández, secretario de Sarela) forma parte como tesoureiro da Xunta Directiva de FEDACE.

Organismo	Nº de xuntanzas
Asemblea Xeral	1
Reunión co Xerente	1
Reunión co Xerente e a Presidenta	1
Grupo GRES	1



*Foto de familia ao final da Asemblea Xeral de FEDACE, o 14 de xuño.*

## EAPN Galicia (Rede galega de loita contra a pobreza).

Ten a súa sede en Santiago e, entre outras entidades, están presentes COGAMI, FEFES e Down - Galicia (do ámbito da discapacidade). FEGADACE participou activamente nas comisións de desenvolvemento normativo e de comunicación, e participou, a través de Sarela, no Encontro de Cidadanía Inclusiva.

Organismo	Nº de xuntanzas
Asemblea Xeral	2
Grupo de Desenvolvemento Normativo	1
Grupo de Comunicación	2



## b) Institucións públicas.

- Secretaría Xeral de Política Social (Consellería de Traballo e Benestar)
- Subsecretaría Xeral de Autonomía Persoal (Consellería de Traballo e Benestar)
- Subsecretaría Xeral de Centros (Consellería de Traballo e Benestar)
- Concello de Santiago de Compostela / CABES
- Encontro de Cooperativismo (Consellería de Traballo e Benestar)
- USC. Rosa Cacheda (investigadora)
- USC. Prácticas Máster Psicoloxía
- Parlamento. Unidade de lesión medular (Vigo)

## c) Outras entidades e organizacións.

- Sociedade Galega de Neuroloxía. Experiencia de traballo conxunto a nivel de sensibilización e prevención no Día do Ictus (mesa informativa conxunta no Hospital Clínico, en Santiago). Proxecto para afondar no deseño e execución de campañas de sensibilización conxuntas sobre a prevención do ictus.
- Grupo de investigación CIDEC (Cidadanía e Educomunicación: vulnerabilidade mediática, capacitación comunicativa e desenvolvemento nas comunidades locais e en grupos de atención social prioritaria), da Facultade de CC. da Comunicación da USC. Persegue analizar a forma na que os medios de comunicación informan sobre grupos de atención social prioritaria (persoas con discapacidade, mulleres, migrantes e infancia/xuventude) para a creación dun Índice de Vulnerabilidade Social para a prensa.
- X Solidario. Reunións conxuntas de EAPN Galicia, Coordinadora de ONGD's e Centros de Desenvolvemento Rural. Coordinación a nivel de comunicación para a campaña de sensibilización polo X Solidario.
- Down Galicia

- Cogami
- Feafes
- Stop Accidentes
- Colexio de Logopedas de Galicia
- Bansalud
- Obra Social Caixa Galicia
- MNProgram
- Tokk APP school
- José Manuel Castro Otero (programación web)
- Bives Tour
- Algalia
- Xestion Social
- Oficina Autonómica da Cruz Vermella
- Javier Montaner (APP)
- Francisco Castro (escritor)

## 2. PROGRAMAS.


### 2.1. PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E INFORMACIÓN E ASESORAMENTO A FAMILIAS DE PERSOAS CON DCA.

Grazas ao convenio asinado coa Consellería de Traballo e Benestar, FEGADACE desenvolveu os programas de ‘Promoción da autonomía persoal e de recuperación funcional das persoas con DCA en situación de dependencia e ás súas familias, a través de atención ambulatoria nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Santiago de Compostela e Vigo’ e de ‘Información e asesoramento a familias no ámbito da comunidade autónoma de Galicia dando especial atención á muller con discapacidade embarazada e ás súas familias’.

#### 2.1.1. Servizos.

Dentro deste programa están comprendidos os servizos de terapia ocupacional, fisioterapia, logopedia e lecer e tempo libre para persoas con dano cerebral, así como o de traballo con familias e o de información e orientación a familias de persoas con DCA. Desenvólvense nas sedes das cinco

asociacións galegas de dano cerebral, na Coruña, Lugo, Ourense, Santiago e Vigo, baixo a coordinación da Federación.



*\*Nota: achéganse cifras para os 11 meses de actividade, polo que a cifra media de persoas atendidas ao mes é de 480, para o total de servizos e de asociacións.*

Dentro de cada un destes servizos articúlanse distintas accións, en función da área de atención:

- Fisioterapia: Dentro deste servizo realízanse, principalmente, tratamentos en sesións individuais. Tamén hai sesións grupais a través de actividades de tipo físico, como psicomotricidade, ximnasio e boccia.



*Xogos de mesa na durante un obradoiro na sede da asociación Sarela (Compostela).*

- Terapia ocupacional: Actividades individuais e grupais, como por exemplo piscina, obradoiro de destreza manipulativa, obradoiro de AVD, habilidades sociais, musicoterapia, colaboración coa sociedade protectora de animais, xogo virtual, implicación solidaria, obradoiro de cociña, obradoiro de coiro, obradoiro artístico, obradoiro de cestería, horta, obradoiro de habilidades para a vida diaria, obradoiro de pintura, obradoiro de barro, obradoiro téxtil, Construindo Futuro.



*Obradoiro de traballo do fieltro e o papel na sede da asociación Alento (Vigo).*

- Lecer e tempo libre: Algunhas das actividades máis significativas foron: Obradoiro Festa de Reis, Visita á Domus de Mitreo (Lugo), Entroido, saídas ao cine; saída á actuación de Mago Luigi e á Gala Lugomáxico, billar e fútbolín, xantar de San Froilán, natación, vela, teatro, xogos populares, Cineforum, saídas ao fútbol (Deportivo da Coruña e Celta de Vigo), equitación adaptada, saídas a unha tomar café, Microcabaret (Forum Metropolitano), golf adaptado, tenis en cadeira de rodas, asistencia ao teatro, Sardiñada polo San Xoán, grupo de socialización e debate, musicoterapia, interacción grupal, estimulación cognitiva, informática, boccia, saída ao Monte de San Pedro (A Coruña), saídas por Navia (Vigo), excursión Navia-Samil (Vigo), saída ao Museo Quiñones de León e xardíns, visualización de documental en APAMP (Vigo), visitas ao porto de Vigo, saída ao museo MARCO (Vigo), saídas de paseo a Samil (Vigo), asistencia a formación en horta urbana, visita ao Zoo, asistencia ao Festival de Cine de Vigo, visitas a exposicións de pintura, excursión a Allariz, saída ao teatro 'Espectáculo Apnea', Picnic Art (Parque de Barbaña, Ourense), saída Balneario Laias, espectáculo auditorio 'The Funamviolistas', I Concerto Benéfico Renacer, Ciclo de visitas culturais a museos composteláns...

A continuación lístase a cantidade de persoas atendidas en cada un dos servizos prestados, divididas por asociacións:

<b>ADACE</b>	
<b>TERAPIA OCUPACIONAL</b>	
Nº de persoas atendidas	201
Nº de novas entradas	17
Nº de saídas do servizo	10
Nº de valoracións	158
Actividades grupais	330
<b>INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN</b>	
Nº de persoas atendidas novas	80
Nº de persoas atendidas que xa estaban na asociación	57
<b>TRABALLO CON FAMILIAS</b>	
Nº de persoas atendidas	45
Actividades grupais	10
<b>OCIO E TEMPO LIBRE</b>	
Nº de actividades	64

<b>ADACECO</b>	
<b>FISIOTERAPIA</b>	
Nº de persoas atendidas	549
Nº de novas entradas	18
Nº de saídas do servizo	18
Actividades grupais	223
<b>TERAPIA OCUPACIONAL</b>	
Nº de persoas atendidas	495
<b>INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN</b>	
Nº de persoas atendidas novas	174
Nº de persoas atendidas que xa estaban na asociación	345
<b>OCIO E TEMPO LIBRE</b>	
Nº de actividades	759

<b>ALENTO</b>	
<b>TERAPIA OCUPACIONAL</b>	
Nº de persoas atendidas	601
Nº de novas entradas	25
Nº de saídas do servizo	10
Actividades grupais	602
<b>INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN</b>	
Nº de persoas atendidas novas	73
Nº de persoas atendidas que xa estaban na asociación	78
<b>TRABALLO CON FAMILIAS</b>	
Nº de persoas atendidas	249
<b>OCIO E TEMPO LIBRE</b>	
Nº de actividades	836

<b>RENACER</b>	
<b>TERAPIA OCUPACIONAL</b>	
Nº de persoas atendidas	187
Nº de novas entradas	14
Nº de saídas do servizo	6
Actividades grupais	75
<b>INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN</b>	
Nº de persoas atendidas novas	45
Nº de persoas atendidas que xa estaban na asociación	11
<b>TRABALLO CON FAMILIAS</b>	
Nº de persoas atendidas	49
<b>OCIO E TEMPO LIBRE</b>	
Nº de actividades	231

SARELA	
<b>FISIOTERAPIA</b>	
Nº de persoas atendidas	392
Nº de novas entradas	11
Nº de saídas do servizo	2
Nº de valoracións	2
Actividades grupais	259
<b>TERAPIA OCUPACIONAL</b>	
Nº de persoas atendidas	198
<b>INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN</b>	
Nº de persoas atendidas novas	74
Nº de persoas atendidas que xa estaban na asociación	191
<b>TRABALLO CON FAMILIAS</b>	
Nº de persoas atendidas	269
Actividades grupais	358
<b>OCIO E TEMPO LIBRE</b>	
Nº de actividades	216

## 2.1.2. Actividades.

### a) Encontro Anual de Voluntariado.

Celebrado o 5 de abril en Alento (Vigo). Asisten 30 persoas voluntarias das cinco asociacións; traballan sobre catro áreas: Análise da dimensión interna e dos avances con respecto ao ano anterior, Desenvolvemento dun decálogo de boas prácticas do voluntariado que traballa con persoas con DCA, Exposición de proxectos de voluntariado desenvolvidos, e Obradoiro de formación en primeiros auxilios.



*Dinámica de grupo no Encontro de Voluntariado, na sede de Alento (Vigo).*



## **b) Encontro Anual de Xuntas Directivas.**

Organizado no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela, o 26 de abril 2014. Participaron 21 membros das xuntas directivas das cinco asociacións galegas, que compartiron experiencias e continuaron formándose para exercer máis e mellor a representación de cada un dos seus colectivos, e do DCA en xeral.

Os membros das xuntas directivas reflexionaron sobre as súas prioridades con respecto ás súas asociacións, e tamén en relación coa Federación, para axudar a marcar as pautas de traballo do ano en curso. Para pechar a xornada de encontro, celebrouse unha comida de convivencia.



*As persoas asistentes ao Encontro de Xuntas Directivas, despois do xantar, o 26 de abril.*

### c) Respiro familiar.

O respiro familiar levou a 41 persoas usuarias de ADACECO, ADACE Lugo e Sarela ao albergue El Bosque de los Sueños (Cubillos del Sil, León), os días 6, 7 e 8 de xuño. Asistiron acompañadas de persoal técnico e voluntariado. Esta actividade foi concibida para favorecer o descanso das familias de persoas con dano cerebral, especialmente das máis implicadas na súa atención e das cuidadoras principais. Grazas ao traballo do voluntariado e do persoal técnico, as persoas asistentes ao respiro gozan tamén dunha fin de semana fóra de casa, nunha viaxe que incluíu diferentes actividades e visitas.

*Visita ao Museo de la Radio de Ponferrada, durante o Respiro Familiar de xuño.*



### d) III Foro de Familias.

Acolleuno a Facultade de Psicoloxía da USC, en Santiago de Compostela, o 25 de outubro. Dedicouse a ‘Os dereitos das persoas con discapacidade no contexto actual’ e incluíu exposicións sobre o estado dos dereitos das persoas con discapacidade abordados desde diferentes perspectivas, intercambio sobre diversas temáticas, seleccionadas previamente polas propias persoas asistentes, presentación de novidades da Federación (web [www.fegadace.org](http://www.fegadace.org) e vídeo-spot de sensibilización sobre o ictus financiado pola Deputación da Coruña) e recoñecemento a través do premio II FEGADACE o coordinador da Unidade de Ictus do Hospital Clínico de Santiago, Miguel Blanco.



*Mesa redonda con persoas usuarias das asociacións no III Foro de Familias (25 de outubro).*

### 2.1.3. Formación.

#### a) Persoal técnico.

a) Valoración e diagnose do DCA segundo o sistema BECAD. 11 e 12 de setembro, Santiago de Compostela.

O obxectivo xeral do curso é aplicar a CIF (Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde) no proceso de avaliación-tratamento das persoas con dano cerebral. Os contidos específicos foron: 1. O modelo conceptual da CIF, a) diferenzas respecto de a CIDDM; 2. Codificación; 3. Utilización dos conxuntos básicos na avaliación: a) avaliación inicial e resultados; b) selección de instrumentos e escalas de avaliación e regras de vinculación; c) redacción de informes; 4. A formulación de casos mediante a CIF: a) selección de obxectivos de rehabilitación, b) modelo do caso, c) elección e xustificación de tratamentos. Asistiron un total de 26 persoas.



*Micaela Moro, docente do curso sobre BECAD, titoriza un momento de traballo na actividade.*

b) Banco de Tempo. 22 e 28 de maio, Santiago de Compostela.

Organizado para incentivar o coñecemento e a confianza nas demais persoas para poder resolver as necesidades da vida diaria e desenvolver actividades satisfactorias, no ámbito das asociacións. Os obxectivos específicos foron promover o intercambio gratuíto de servizos entre persoas e mellorar a súa calidade de vida, potenciar as relacións de veciñanza e axudar na conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Os contidos foron: Vantaxes do Banco de Tempo, Regulación vinculada, Procedemento de creación dun Banco de Tempo, Esquema do ciclo de xestión, Ferramentas necesarias, Posibles softwares para a súa xestión. Participaron 13 persoas.

## **b) Xuntas directivas.**

a) Liderado e dirección. 22 de novembro, Santiago de Compostela.

b) No marco do II Encontro de Xuntas Directivas. 26 de abril, Santiago de Compostela.

Desde FEGADACE solicítase unha proposta de accións formativas para os membros da Xunta Directiva da entidade que axude a incrementar a capacidade das persoas participantes para o desenvolvemento das súas funcións directivas. Desde este enfoque, e atendendo aos requirimentos organizativos que propón, a consultora Algalia realizou a seguinte proposta, dividida e impartida en dous bloques:

- Charla e dinámica participativa 'Somos unha federación': O obxectivo xeral foi favorecer a toma de conciencia das persoas participantes respecto ao desempeño da súa función directiva. Contidos: Quen dicimos que somos. Xestión do cambio.

- Curso de habilidades directivas: Comparte o obxectivo xeral do anterior. Contidos: Xestión do cambio. Delegación. Xestión de conflitos.

## **2.2. PROGRAMA DE COOPERACIÓN PARA A PROMOCIÓN DO EMPREGO.**

### **2.2.1. Ano 2013.**

Grazas ao proxecto 'Apoio administrativo á federación' FEGADACE dotouse de persoal auxiliar administrativo para o fortalecemento institucional: unha traballadora contratada a 30 horas semanais, que iniciou o seu contrato en decembro de 2013 e rematouno en decembro de 2014.

A contratación mellorou a estrutura da federación, contribuíndo á mellora da súa capacitación para o cumprimento dos fins relacionados directamente coas persoas con DCA e as súas familias.

### **2.2.2. Ano 2014.**

Repítese o proxecto de 'Apoio administrativo á federación' e contrátase unha nova traballadora para o fortalecemento institucional. O perfil profesional foi de auxiliar administrativo, cunha persoa contratada a 20 horas semanais, que iniciou o seu contrato en decembro de 2014 e continúa o seu traballo en 2015.

## **2.3. COMUNÍCATE CONTICS, SEN COMPLEXOS.**

'Comunícate conTICs, sen complexos' é un programa para mellorar a capacitación, comunicación e promoción da autonomía persoal das persoas con DCA financiado pola Fundación La Caixa.

O obxectivo xeral da actividade foi contribuír á inclusión e a promoción da autonomía persoal e social das persoas con dano cerebral adquirido. Foi desenvolvido nas cinco sedes das cinco asociacións federadas (A Coruña, Lugo, Ourense, Santiago e Vigo), a través de tres fases. As súas principais actividades foron:

- Formación de profesionais, familiares e persoas con DCA no manexo das tablets e do software escolleito para a intervención. As reunións técnicas foron divididas entre zona norte (Lugo, 10 e 24 de xaneiro) e zona sur (Vigo, 24 e 31 de xaneiro) para favorecer a participación das cinco logopedas.
- Adquisición de 22 tablets e reparto entre as cinco entidades.

-Intervención logopédica coas persoas seleccionadas para participar no programa.

A fin do programa era poñer ao servizo das persoas con DCA con dificultades de comunicación as ferramentas necesarias para poder mellorar a súa interlocución coa contorna, reforzar as súas capacidades e potenciar a súa autonomía.



*Un usuario de Renacer emprega a tablet para pedir un café nun bar.*

As persoas beneficiarias foron seleccionadas entre as persoas con DCA usuarias das asociacións, de entre 19 e 45 anos, sensibles ao uso dun comunicador e con capacidade para a súa suxeición. O aumento das capacidades comunicativas das 20 persoas participantes foi notorio, co conseguinte incremento da súa autonomía persoal. Varias destas persoas implantaron, ademais, o uso da tablet na súa vida diaria, no ámbito familiar e social, favorecendo a súa inclusión.

## 2.4. TEMPO É CEREBRO.

‘Tempo é cerebro’ é un proxecto financiado pola Deputación da Coruña que tivo como obxectivo principal sensibilizar sobre a prevención da principal causa do DCA: o ictus.

O proxecto constou de varios apartados, que incluíron a edición dun vídeo sobre os síntomas de alarma do ictus, a elaboración dun cartel e dun banner e a difusión a través de medios propios e redes sociais e desde medios de comunicación.

Elaborouse unha mensaxe moi sinxela e simplificada, baseada na estadounidense conduta FAST (cara, brazo, sorriso, tempo, nas súas siglas en inglés), para distribuír nos diferentes soportes tratando de chegar a públicos diversos. O contido da mensaxe é moi fácil de asimilar e moi visual:

trátase de tres imaxes que resumen cada un dos principais síntomas de alarmas do ictus, e unha chamada de atención sobre a necesidade de recorrer canto antes ao servizo de urxencias sanitarias.



A campaña estivo destinada, potencialmente, ao conxunto da poboación galega. Dentro do medible, o vídeo recibiu en 2014 249 visualizacións na canle de FEGADACE en YouTube (pode atoparse na seguinte ligazón: <https://www.youtube.com/watch?v=PyfR88ay-Z0>) e alcanzou un público de ata 5.000 persoas, a través das redes sociais propias de FEGADACE. Ademais, foi emitido nos informativos da TVG, multiplicando exponencialmente a súa difusión.

### 3. ÁREA DE COMUNICACIÓN E SENSIBILIZACIÓN.

#### 3.1. DESENVOLVEMENTO DA PÁXINA WEB.

A principal medida desenvolvida, dentro do ámbito da comunicación, en 2014, foi a creación da nova páxina web. As tarefas principais foron o estudo de necesidades comunicativas, análise da competencia, deseño da arquitectura e redacción de contidos, e creación da ferramenta Apostrophe que sustenta a web.

Coa estrea da nova web FEGADACE está máis preto doutro dos obxectivos do Plan de Comunicación: a elaboración dun boletín de periodicidade mensual. A nova web dispón dun mecanismo automatizado para a selección de noticias e envío; só está pendente, pois, unha pequena campaña de subscrición e o inicio dos envíos.

A web está sometida aos requisitos de transparencia, con información detallada sobre as contas, actividades, equipo e estrutura da Federación, e responde ao estándar de accesibilidade AA, que facilita o acceso das persoas con discapacidade aos contidos da páxina. O seu deseño é adaptativo, o que implica que conta con diferentes e mellores opcións de visualización dependendo do soporte desde o que se acceda (teléfono, tablet, ordenador...).

## **3.2. CONTACTOS COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN.**

FEGADACE realiza un esforzo sistemático de transmisión ao público xeral de todas as súas actividades e programas. Desenvólvese traballo de sensibilización sobre o dano cerebral adquirido tanto para dar a coñecer esta causa como para sensibilizar sobre a súa prevención. A Federación desenvolve accións directas de comunicación, nas que se converte en emisora primaria de información, e accións indirectas, a través dos medios de comunicación -tanto xeneralistas como temáticos-.

### **Impactos nos medios de comunicación.**

A Federación Galega de Dano Cerebral é fonte de referencia para os medios de comunicación á hora de facer consultas sobre o DCA e/ou a discapacidade. Tamén emite regularmente convocatorias e comunicados a xornalistas.

Durante 2014 enviáronse nove notas de prensa e convocatorias. O acto estrela do ano foi o III Foro de Familias (25 de outubro) que, xunto co anuncio de entrega do II Premio FEGADACE ao doutor Miguel Blanco, acaprou a maioría da atención informativa dos medios. Ambas noticias contaron cunha ampla cobertura informativa. O Foro de Familias obtivo 22 impactos en medios de comunicación; entre eles, noticias nas principais cabeceiras, entrevistas radiofónicas (Radio Voz, Radio Galega e Radio Obradoiro), información en axencias e medios dixitais e a cobertura da TVG a través dos seus servizos informativos. Pola súa parte, a concesión do II Premio FEGADACE foi publicada 11 veces, cunha cobertura cualitativamente importante: radios (Cadena Ser, Radio Obradoiro, Radio Galega) e xornais (Faro de Vigo, La Opinión de A Coruña, La Voz de Galicia) volcáronse con este tema dedicando tempo e/ou espazo en profundidade a este asunto, incluíndo entrevistas ao galardonado e a responsábeis da Federación.



Ao fío do Día do Dano Cerebral (26 de outubro) foi publicado un artigo sobre as necesidades e reivindicacións das familias e persoas con DCA no blog 'No me pidan calma', aloxado en La Voz de Galicia e de referencia dentro do ámbito da información social. O texto titulouse '10 reivindicacións para lembrar que unha vida salvada merece ser vivida' e, ademais da súa versión orixinal, publicouse unha versión en castelán.



O Día do Ictus (29 de outubro) tamén cedeu un protagonismo especial ás asociacións de FEGADACE. Desenvolveron accións de sensibilización para a prevención desa doenza, que é a principal causa do dano cerebral, que tiveron diferente impacto nos medios de comunicación. Cómpre salientar as dúas noticias dedicadas polos informativos de TVE ás asociacións Renacer e Sarela, e o espazo cedido polo programa da TVG 'A Revista' para reproducir o vídeo de sensibilización sobre o ictus editado por FEGADACE a través dun proxecto de prevención en colaboración coa Deputación de A Coruña. Outras actividades que tiveron impacto nos medios foron o II Encontro de Voluntariado, a comparecencia na Comisión de Seguridade Viaria do Parlamento de Galicia, e múltiples actividades das asociacións. FEGADACE foi fonte de información en diferentes ocasións: falou sobre a reestruturación do servizo de transporte 065 con Voz TV para unha noticia emitida en febreiro, facilitou a cobertura do encontro entre menores infractores e mozos e mozas con DCA de Alento (en marzo), proporcionou posíbeis entrevistadas para falar de voluntariado no programa Bos Días da TVG e enviou diferentes casos de persoas con DCA que poderían falar para unha reportaxe -que aínda non se realizou- en El Progreso de Lugo.

Ademais, realízase un envío mensural das novidades de FEGADACE e das súas asociacións á Federación Española de Daño Cerebral (FEDACE) para a súa inclusión no Boletín Compartir e na web desa entidade. Houbo sete impactos neste boletín, de periodicidade mensual, incluíndo un artigo de opinión elaborado especialmente para Compartir.

### 3.3. REDES SOCIAIS.

Cando FEGADACE se converte en emisora directa de noticias faino a través de distintas plataformas. Conta cunha páxina web, renovada en 2014, dous blogs aloxados en wordpress e perfís en redes sociais, entre os que salientan dúas plataformas en Facebook e unha en Twitter -existen outros perfís, como Google+, LinkedIn, Pinterest e Instagram, pero non se xenerou máis tráfico informativo que o mantemento do espazo de FEGADACE nos mesmos-.

#### a) Blogs.

O blog de FEGADACE ([www.fegadace.wordpress.com](http://www.fegadace.wordpress.com)) inclúe información sobre as actividades e iniciativas da Federación, así como das súas asociacións membro. Recolle as novidades de entidades das que fai parte FEGADACE (FEDACE, CERMI e EAPN) e doutras coas que colabora (colexios profesionais, Cruz Vermella, outros financiadores...). Tamén informa sobre o dano cerebral adquirido (investigación, rehabilitación, estatísticas...), a discapacidade e o Terceiro Sector en xeral.

Este blog recibiu, ata o 30 de novembro de 2014, **8.973 visitas**, cunha media de **27 ao día**. Ademais do público xeral que accede ao blog, este conta con 31 seguidores/as. Ao longo do ano publicáronse nel 175 artigos (algo menos de un ao día).

Visitas recibidas											
Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xul.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	TOTAL
1898	982	628	553	800	530	768	354	717	1021	722	8973

Media diaria de visitas											
Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xul.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	TOTAL
61	35	20	18	26	18	25	11	24	33	24	27

O blog 'Envellecer con DCA' ([www.envellecercondca.wordpress.com](http://www.envellecercondca.wordpress.com)) leva como subtítulo 'Prevención da dependencia en persoas con dano cerebral adquirido'. É un blog dedicado a sensibilizar sobre hábitos de vida saudábeis (exercicio, alimentación e outras pautas) que axudan tanto a previr o dano cerebral como a evitar a dependencia nas persoas maiores ou que xa teñen esta discapacidade. Tamén dá cabida a tratamentos tanto de rehabilitación como de prevención que empregan as novas tecnoloxías como soporte (realidade virtual, aplicacións móbiles e outros programas, tablets, etc.). Durante o 2014 (ata o 30 de novembro) recibiu **1.361 visitas**; unha media de **4 ao día**. Ten 7 seguidores/as. Publicáronse 41 artigos ao longo do ano, algo menos de un á semana.

Visitas recibidas											
Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xul.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	TOTAL
268	131	116	137	109	78	141	51	136	83	110	1360

Media diaria de visitas											
Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xul.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	TOTAL
9	5	4	5	4	3	5	2	5	3	4	4

## b) Redes.

FEGADACE emprega de maneira cotiá as redes sociais para a difusión das súas actividades e informacións. Os perfís de Facebook e Twitter da Federación amplifican cada día dúas ou tres informacións publicadas no blog de FEGADACE, nas webs das asociacións membro, en páxinas de entidades que manteñen algún tipo de vínculo ou nos medios de comunicación en xeral. Cada publicación de FEGADACE nos tres perfís que ten nestas dúas redes sociais chega a **5.763 contas**, moitas delas xestionadas por máis de unha persoa.

Rede social	Nº de contactos	Incorporados en 2014
Facebook (Fegadace)	1181	342
Facebook (Fegadace Federación Galega de Dano Cerebral)	3195	595
Twitter (@fegadacegalicia)	1387	405

Recentemente o sistema de estatísticas de Twitter comezou a ofrecer a cifra de impresións (número de veces que se viu un tweet) diarias das contas. As mensaxes difundidas por FEGADACE nesta rede acadaron unha **media de 425,33** impresións ao día, segundo as cifras proporcionadas:

Mes	Nº de impresións/día
Setembro	403
Outubro	495
Novembro	378
Media	425,33

### 3.4. APOIO ÁS ASOCIACIÓNS FEDERADAS.

Reclamáronse dúas asistencias ás asociacións federadas. A primeira foi unha nota de prensa e convocatoria aos medios de comunicación solicitada por Alento no mes de marzo. A segunda asistencia foi unha nota de prensa elaborada a petición de ADACECO.

En 2014 definiuse, en colaboración coas directoras das asociacións federadas, un modelo de formulario de recollida de información. Cada entidade designou unha persoa responsábel do envío de noticias, que se fixou nunha vez ao mes. A técnica de comunicación remite mensualmente un recordatorio ás asociacións, que envían información á Federación, que a procesa e publica na páxina web. Este mecanismo serve para centralizar a información das asociacións galegas, facilitándolles o traballo ao comunicar directamente con FEDACE.

## 4. COLABORACIONES.




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE SANIDADE



**Deputación  
DA CORUÑA**



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Con la colaboración de:



**Obra Social "la Caixa"**



**Colexio Oficial de  
Fisioterapeutas  
de Galicia**



**Colegio Profesional de Logopedas de Galicia**



**Colexio Oficial  
de Psicoloxía  
de Galicia**




**Cruz Vermella**


## 5. INFORMACIÓN ECONÓMICA.

A continuación preséntase a conta de resultados e o balance de situación correspondentes a 2014. Ademais, nos seguintes gráficos pode apreciarse de xeito máis simplificado a distribución de ingresos e gastos da Federación.

## a) Resumo de gastos.



## b) Resumo de ingresos.



## 5.1. CONTA DE RESULTADOS.

	Nota	2014	2013
<b>A) Operaciones Continuadas</b>			
<b>1. Ingresos de la actividad propia</b>		<b>193.617,53</b>	<b>146.375,93</b>
a) Cuotas de asociados y afiliados		7.200,00	7.200,00
b) Aportaciones de usuarios		18,00	350,00
d) Subvenciones imputadas al excedente del ejercicio		186.399,53	138.825,93
<b>2. Ventas y otros ingresos de la actividad mercantil</b>		<b>3.658,20</b>	<b>70.222,90</b>
<b>3. Gastos por ayudas y otros</b>		<b>-7.193,76</b>	<b>-9.149,09</b>
a) Ayudas monetarias		-1.607,47	-7.505,78
b) Ayudas no monetarias		-3.085,97	
c) Gastos por colaboraciones y del órgano de gobierno		-2.430,17	-1.643,31
d) Reintegro de subvenciones, donaciones y legados		-70,15	
<b>7. Otros ingresos de la actividad</b>			<b>175,84</b>
<b>8. Gastos de personal</b>		<b>-60.954,75</b>	<b>-51.681,62</b>
a) Sueldos, salarios y asimilados		-46.500,27	-39.128,02
b) Cargas sociales		-14.454,48	-12.553,60
<b>9. Otros gastos de la actividad</b>		<b>-140.175,59</b>	<b>-151.659,11</b>
a) Servicios exteriores		-140.157,79	-151.621,98
b) Tributos		-17,71	-37,13
d) Otros gastos de gestión corriente		-0,09	
<b>10. Amortización del inmovilizado</b>		<b>-409,40</b>	<b>-672,83</b>
<b>11. Subvenciones, donaciones y legados de capital traspasados al excedente del ejercicio</b>		<b>9.087,97</b>	<b>32,03</b>
b) Donaciones y legados de capital traspasados al excedente del ejercicio		9.087,97	32,03
<b>A.1) EXCEDENTE DE LA ACTIVIDAD (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)</b>		<b>-2.369,80</b>	<b>3.644,05</b>
<b>15. Gastos financieros</b>		<b>-6,60</b>	<b>-872,26</b>
b) Por deudas con terceros		-6,60	-872,26
<b>A.2) EXCEDENTE DE LAS OPERACIONES FINANCIERAS (14+15+16+17+18)</b>		<b>-6,60</b>	<b>-872,26</b>
<b>A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPUESTOS (A.1+A.2)</b>		<b>-2.376,40</b>	<b>2.771,79</b>
<b>A.4) EXCEDENTE DEL EJERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIONES CONTINUADAS (A.3+19)</b>		<b>-2.376,40</b>	<b>2.771,79</b>
<b>B) Operaciones Interrumpidas</b>			
<b>A.5) Variación de patrimonio neto reconocida en el excedente del ejercicio (A.4+20)</b>		<b>-2.376,40</b>	<b>2.771,79</b>
<b>C) Ingresos y Gastos imputados directamente al patrimonio neto</b>			
<b>D) Reclasificaciones al Excedente del ejercicio</b>			
<b>E) Variaciones de Patrimonio Neto por ingresos y gastos imputados directamente al patrimonio neto (C.1+D.1)</b>			
<b>F) Ajustes por cambios de criterio</b>			
<b>G) Ajustes por errores</b>			
<b>H) Variaciones en la Dotación Fundacional o fondo social</b>			
<b>I) Otras variaciones</b>			
<b>J) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DEL PATRIMONIO NETO EN EL EJERCICIO (A.5+E+F+G+H+I)</b>		<b>-2.376,40</b>	<b>2.771,79</b>

## 5.2. BALANCE DE SITUACIÓN.

ACTIVO	Nota	2014	2013
<b>A) ACTIVO NO CORRIENTE</b>		<b>582,11</b>	<b>3.778,48</b>
I. Inmovilizado intangible		326,71	692,51
5. Aplicaciones informáticas		326,71	692,51
III. Inmovilizado material		255,40	3.085,97
2. Instalaciones técnicas y otro inmovilizado material		255,40	3.085,97
<b>B) ACTIVO CORRIENTE</b>		<b>50.199,10</b>	<b>68.563,96</b>
III. Usuarios y otros deudores de la actividad propia		1.752,00	1.752,00
IV. Deudores comerciales y otras cuentas a cobrar		47.612,65	27.890,24
3. Deudores varios		240,00	1.560,00
6. Otros créditos con las administraciones públicas		47.372,65	26.330,24
VII. Periodificaciones a corto plazo		558,98	486,52
VIII. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes		275,47	38.435,20
1. Tesorería		275,47	38.435,20
<b>TOTAL ACTIVO (A + B)</b>		<b>50.781,21</b>	<b>72.342,44</b>
PASIVO	Nota	2014	2013
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>		<b>44.042,98</b>	<b>60.741,35</b>
A-1) Fondos propios		32.981,22	35.287,48
II. Reservas		70,14	
2. Otras reservas		70,14	
III. Excedentes de ejercicios anteriores		35.287,48	32.515,69
1. Remanente		35.287,48	32.515,69
IV. Excedente del ejercicio		-2.376,40	2.771,79
A-3) Subvenciones, donaciones y legados recibidos		11.061,76	25.453,87
I. Subvenciones		11.061,76	22.367,90
II. Donaciones y legados			3.085,97
<b>B) PASIVO NO CORRIENTE</b>			
<b>C) PASIVO CORRIENTE</b>		<b>6.738,23</b>	<b>11.601,09</b>
III. Deudas a corto plazo		485,38	
2. Deudas con entidades de crédito		485,38	
V. Beneficiarios - acreedores			5.941,25
VI. Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar		6.252,85	5.659,84
3. Acreedores varios		1.800,00	3.351,74
4. Personal (remuneraciones pendientes de pago)		1.552,66	
6. Otras deudas con las administraciones públicas		2.900,19	2.308,10
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A + B + C)</b>		<b>50.781,21</b>	<b>72.342,44</b>